

# novas CTNL

## Curso de axentes normalizadores e administracións públicas

O pasado mes de xuño, os días 9, 10 e 17, tivo lugar no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo o curso organizado pola CTNL en colaboración co departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela: *Axentes normalizadores e administracións públicas*. Foi impartido polos profesores Lois García García e Xesús de la Fuente Blanco, membros colaboradores de *Escola Cidadanía*.

Neste curso falóusenos do contexto sociopolítico, a transformación do estado contemporáneo e o papel que deben desenvolver as administracións públicas. Tratouse de analizar o sistema político como 'conxunto de interrelacións abstraídas da totalidade do comportamento social, nas cales os valores son asignados coercitivamente de forma lexítima' e as demandas sociais, qué se entende por institucionalización e organización administrativa, se as estruturas non son tan determinantes e permiten unha ampla marxe de acción individual ou non... Cómo se constrúe ou produce o poder: o cambio social, a conciencia política. 'As institucións son pautas de condutas reiteradas. A institucionalización sería o proceso polo que as institucións adquiren valor e estabilidade para os cidadáns'.

Ademais debatemos sobre a 'fórmula que constitúe o Estado para a autodescripción do sistema político da sociedade, con competencia universal, se non no marco da responsabilidade política, si alomenos desde aqueles que elevan as pretensións' e se 'a crise do Estado de

Benestar é esencialmente teórica, da falta de reflexión da política sobre os seus propios límites...' Concluindo que se trata '...fundamentalmente, dun problema de adaptación entre o sistema e o contorno, da incapacidade do sistema político para establecer a suficiente transparencia propia e a partir de aí a súa relación comunitaria con outros subsistemas que se enfrontan continuamente nun proceso de retroalimentación dinámica e circular...'.  
 Tamén puidemos saber do concepto de 'sistema de servución: organización sistemática e coherente de tódolos elementos físicos e humanos da relación cliente-empresa/administración, necesaria para unha prestación de servizos cunhas características comerciais ou administrativas e uns niveis de calidade determinados', na que existen 3 dimensións características:

- a participación do beneficiario do servizo
- impacto do servizo prestado
- calidade do servizo prestado

Por outra banda, tamén estivemos analizando o procedemento administrativo, o deber de resolver da Administración, as consecuencias do silencio administrativo, ..., a lingua nos procedementos administrativos, a lexislación vixente, a lóxica de funcionamento da Administración, organigramas e división do traballo, os SNL das administracións públicas, etc...


### Subvencións para a creación e mantemento de servizos lingüísticos, e campañas de normalización da administración local

Ó igual que en anos anteriores, a Orde do 5 de outubro de 2000, regula a concesión de subvencións ós concellos de Galicia para a normalización da lingua galega.

Esta orde díctaa a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais mediante un convenio que mantén coa Dirección Xeral de Política Lingüística, e establece unha dotación orzamentaria de 25.000.000 ptas, para **mantemento ou creación de servizos municipais de normalización lingüística ou organización de campañas co obxecto de lograr a normalización lingüística dos concellos**. Foi publicada no DOG do **13 de outubro** de 2000, e establece un prazo de **15 días hábiles** para a presentación de solicitudes.

## IV Encuentros para a Normalización Lingüística

Os días 9 e 10 de novembro vai ter lugar a cuarta edición dos **Encuentros para a Normalización Lingüística** no Hotel San Francisco en Santiago de Compostela.



Como en anos anteriores, con estes **Encuentros** perseguimos constituír o punto de reunión, reflexión, análise e debate entre as persoas que traballan na normalización lingüística en Galicia.

Na primeira xornada, teremos dúas mesas de traballo que abarcarán o tema da normalización do galego en diferentes ámbitos sociais. Na mesa da primeira sesión falarase sobre a normalización lingüística no ámbito da xustiza. Esta mesa verase completada e ampliada coa da tarde, na que se dará unha perspectiva da situación do galego na igrexa, na sanidade e na publicidade. A normalización lingüística na onomástica é o tema da mesa de traballo da terceira sesión. Nesta mesa veremos cal é o estado da cuestión con respecto á onomástica galega e á recuperación da toponimia galega, e saberemos máis do funcionamento da Comisión de Toponimia Galega. Na mesa da sesión cuarta e derradeira dos Encuentros, trataranse contidos sobre a estandarización e intervención no uso da lingua.

Nas portas do Ano Europeo das Linguas Minorizadas e adiantándonos un pouco ós eventos que orixinará, serán dictadas varias conferencias sobre este tema por recoñecidos investigadores como Miquel Siguan ou Alba Nogueira. Tamén trataremos a cuestión da xestión lingüística da man de Toni Mataix e darase unha visión do proceso de normalización lingüística en Galicia polo profesor Henri Boyer.

A asistencia ós **Encuentros** será certificada e homologada pola EGAP, que xunto coa CTNL e varias editoriais colaboran con estes **Encuentros**

Elisa González

### sumario

<b>Pax. 2</b>	<b>Libros</b>
	<b>Centro de Estudos Galegos de París</b>
	<b>III Xornadas de Lingua e Literatura. Gabinete Lingüístico da Deputación de Pontevedra</b>
<b>Páx. 3</b>	<b>O SNL do Concello do Rosal</b>
	<b>Normalización no Ensino</b>
	<b>Axudas á galeguización</b>
<b>Pax. 4</b>	<b>Curso de Axentes normalizadores e administracións públicas</b>
	<b>Seminario de normalización lingüística para persoal dos servizos</b>
	<b>Curso Técnicas de negociación e mediación social</b>
	<b>O SNL do Concello de Carral</b>

## Novo SNL no concello de Arzúa

O SNL do Concello de Arzúa foi creado en setembro de 2000 aínda que non dispón de oficina propia nin definitiva, está situado na Casa do Concello da rúa Santiago nº 2, 15810 Arzúa. Tamén podeades poñervos en contacto coa técnica Celsa García Freire no seguinte teléfono 981 500 000 ou no fax 981 500 914

## Reunión na Dirección Xeral de Política Lingüística

Membros da directiva da CTNL, entrevistáronse o pasado 9 de outubro co novo Director Xeral de Política Lingüística D. Xoán Pablo González Moreiras. Este encontro na DXPL, véñse realizando nos últimos anos para unha posta en coñecemento mutuo de criterios de traballo, axudas, exposición do plan de formación previsto pola coordinadora etc. Nesta ocasión tivo un carácter de presentación e toma de contacto por ámbalas dúas partes a causa da renovación de cargos na propia Dirección Xeral, na que foron substituídos ademais do mencionado Director Xeral, tamén o Subdirector Xeral, cargo ocupado actualmente por D. Xosé Antonio Pombo Mosquera.

## Boletín Falamos de todo



O SNL do Concello de Vigo vén de presentar o nº 1 do Boletín Falamos, un boletín en galego con contidos maioritariamente locais. A súa elaboración é produto da colaboración do Concello de Vigo coa Xunta de Galicia, de entre os seus contidos está a achega a lugares coñecidos da cidade,

información sobre os diversos servizos municipais e o seu cometido e en especial todo aquilo que teña que ver coa difusión do noso idioma.

# Procesos de investigación-acción aplicados á dinamización lingüística

Véñse conformando desde hai tempo e desde ámbitos diversos, unha nova visión dos procesos que se engloban baixo o concepto de *normalización lingüística*; unha visión que outorga un maior protagonismo á promoción social do galego a través de estratexias de dinamización lingüística que artellen, dun xeito sistemático e integrado, un conxunto diverso de accións, atendendo á complexidade dos espazos sociais ós que se dirixen. Respondendo a esta complexidade, a dinamización lingüística baséase en procesos de análise e diagnose, de planificación e execución de liñas de acción (desde a diagnose), e de avaliación, continua e final, para garantir a máxima efectividade, e a proximidade ós procesos sociais nos que actúa. Require, así, de estratexias de carácter flexible e multidisciplinar, moitas delas tomadas das ciencias sociais, nas que ten un papel crucial a participación dos implicados (a todos os niveis: decisores, usuarios, etc.), posto que o que se pretende demanda da xeración dunha base social ampla que garanta o maior impacto das accións e a continuidade dos seus resultados.

De xeito xenérico, e a efectos de síntese, é posible definir o que podemos denominar *método base*, estruturado desde a *aplicación integrada de ferramentas* clásicas de análise sociolóxica, de espazos de natureza participativa (Grupos Operativos de Traballo), e de ferramentas de promoción social.

Os **Grupos Operativos de Traballo**, elemento central do método aquí exposto, son *espazos* (obradoiros de traballo) que pretenden, participada e consensuadamente, e partindo da realización dunha análise en profundidade, a definición de diferentes *alternativas de acción transformadora* (que teñan, así, conexión cos distintos axentes ós que se dirixe; *construíndo base social*). Inspíranse en ferramentas de similar natureza aplicadas clásicamente desde o traballo social, a socioloxía, a cooperación ó desenvolvemento, etc.

En esencia fórmulase:

1º; **Definir claramente cal é a natureza do proceso** que se quere desenvolver e os seus obxectivos xerais (por exemplo,

promover o uso do galego no sector das asociacións xuvenís, buscando a continuidade do proceso a través da implicación de elementos centrais do sector).

2º; **Delimitar/definir claramente o escenario** do proceso dinamizador (a quen se dirixe e a quen afecta, directa ou indirectamente). Tendo claros os actores, esbozar o **mapa de relacións** que manteñen entre eles. As características desta rede poden ser cruciais para transmitir as nosas propostas e para construír as diferentes implicacións. Para isto, poderán realizarse distintas análises documentais combinadas con entrevistas a expertos informantes.



3º; **Realizar contactos/aproximacións iniciais**, a través da realización de entrevistas, etc., con axentes socialmente relevantes para a nosa acción (persoas con influencia, representantes de entidades, etc.). Trátase de transmitir os nosos obxectivos e a nosa proposta de traballo (destacando o seu carácter aberto e participativo), para, a través dos contactados, buscar un primeiro eco social e garantir a participación nos GOT (Grupos Operativos de Traballo).

4º; **Realización de Grupos Operativos de traballo**; primeiro centrados na análise da realidade que se pretende transformar (os grupos deben aportar, desde a diversidade de situacións presentes, unha ollada de carácter profundo e complexo).

O traballo de análise debe ofrecer pasar a unha fase de formulación participada de obxectivos de cambio (implicación na planificación). Posteriormente, se é necesario e posible, poderá intentarse a definición dunha estrutura de acción, tamén participada (implicación na execución). Por último, resultará clave o emprego de GOT para a avaliación do proceso dinamizador e dos seus resultados (implicación na avaliación).

Os GOT deben traballar, así, en dous niveis; a **consecución dun nivel de produtividade** e, paralelamente, a **construción dun clima de cooperación e comunicación** aberta. Os seus resultados serán apoiados, e apoiarán, a *aplicación paralela de ferramentas sociolóxicas* clásicas de análise (enquisa, entrevistas...) e de *promoción e dinamización* (campañas, obradoiros, etc.).

O método exposto define, basicamente, un proceso secuenciado en fases que pretendan construír:

a) **unha participación directa**, de persoas representativas ou socialmente estratéxicas para a dinamización (búscase o que cada un poida ou queira dar).

b) **unha base social** (xerada, entre outros, desde os participantes cara a fóra) para o proceso dinamizador e os seus resultados (búscase o seu maior impacto e permanencia). Tal é, en esencia, o método aplicado por **CIDADANIA, Rede de Aplicacións Sociais**, nos procesos de promoción lingüística que vén desenvolvendo na actualidade para o Concello de Santiago de Compostela; un centrado no colectivo de hostaleiros e outro, de natureza máis xenérica, no conxunto da cidade, con resultados que achegarán novas ópticas e propostas de dinamización, de interese, sen dúbida, para moitos dos técnicos que traballan actualmente no campo da promoción lingüística.

**CIDADANIA, Rede de Aplicacións Sociais**, é unha entidade composta por especialistas do conxunto das Ciencias Sociais. Dentro do ámbito da Normalización Lingüística a súa experiencia abrangue distintas actuacións como a impartición de cursos de formación; avaliación de servizos lingüísticos, etc.

# Un paso adiante: o Regulamento para o uso do galego do Concello de Lugo

O Pleno do Concello de Lugo, consciente da "necesidade de desenvolver un papel aínda máis dinamizador e de potencia-lo uso do galego dentro e fóra do Concello" (palabras do propio limiar), acaba de aprobar inicialmente, na súa sesión ordinaria do 2 de outubro, o seu *Regulamento de uso do*

*galego na administración municipal de Lugo*. A proposta do equipo de goberno municipal foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros da corporación, e xa fora dictaminada favorablemente por unanimidade de tódolos grupos políticos municipais (PSOE, BNG e PP) na comisión informativa que tivo lugar antes do pleno.

O *regulamento* será de obrigado cumprimento non só por parte do Concello e dos organismos que del dependan (padroados, organismos autónomos, sociedades autónomas municipais, etc.), senón tamén para todas aquelas entidades privadas que gocen dalgún tipo de subvención municipal; e así se fará constar tamén explicitamente nos pregos de condicións ou contratacións para empresas adjudicatarias ou

concesionarias do Concello.

Tamén se contempla (á marxe do que para a documentación municipal prevén a *Lei 5/88, de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais*, e maila *Lei 5/97, de Administración local de Galicia*) que, nas súas comunicacións administrativas orais (e, neste aspecto, velarase especialmente polas competencias lingüísticas orais do persoal que se adscriba para atención ó público), o persoal do Concello de Lugo empregue preferentemente a lingua galega; así como os propios cargos do Concello, que nas súas intervencións de carácter institucional se expresarán en galego.

No capítulo adicado á selección de persoal, prevese que nas bases das convocatorias se estableza o perfil lingüístico que corresponda a cada praza; así mesmo, o persoal que actualmente non estea capacitado para o uso

do galego de acordo co que o *regulamento* dispón deberá adquirir tal coñecemento. No Plan de formación lingüística municipal que se prevé para estes efectos, contéplase tamén a cuestión da "calidade" da lingua: mellora da linguaxe administrativa tanto dende o punto de vista estritamente lingüístico coma estilístico.

Recollendo o apuntado na nosa *Lei de normalización lingüística*, o Concello de Lugo contempla tamén a posibilidade de establecer reducións ou exencións fiscais, así como subvencións, para as actuacións relacionadas coa normalización do galego.

Xa que logo, este regulamento supón, sen dúbida ningunha, unha boa nova para o noso idioma, e agardamos que contribúa efectivamente a impulsa-la normalización do idioma do noso país na cidade da muralla.



# Seminario de técnicos/as de normalización lingüística do IPLN

O pasado 29 de xuño tivo lugar a porta pechada na sede do Consello da Cultura Galega un seminario organizado polo Informe de Política Lingüística e Normalización (IPLN). Reuniu numerosos participantes procedentes das administracións local, autonómica, comarcal e de xustiza, así como representantes do mundo empresarial e sindical. Entre os obxectivos deste acto podemos sinalar: a obtención de información para o devandito informe, establecer unha tipoloxía dos servizos lingüísticos ou diagnosticar os elementos que inflúen no proceso de normalización.

O seminario principiou coa exposición de Xesús Costas Abreu (coordinador do IPLN) dos avances realizados na sección de administración. Antes de nada, recoñeceu que as fontes empregadas están condicionadas polo seu carácter institucional e expresou dúbidas sobre a fiabilidade dos datos obtidos nas enquisas dada a disparidade de resultados recadada na mesma institución conforme o informante. Nunha análise por administracións, comentou que os concellos son os que máis empregan o galego, por riba dos usos da Xunta. Sobre a conducta lingüística desta última, salientou dúas ideas: a visibilidade e a centralidade, isto é, o castelán avanza na medida en que nos afastamos do centro da unidade administrativa e canta menos relación co público teñen as actividades. Concordeu co Valedor do Pobo en que o emprego é moi baixo na administración periférica do estado, na de xustiza e entre os funcionarios retribuídos por arancel (notarios, rexistradores...). Nestes grupos, a situación depende maiormente de iniciativas persoais, o cal tamén acontece nas delegacións provinciais do goberno autónomo. Así mesmo, Costas destacou o papel castelanizador das deputacións, tanto como provedoras de aplicacións informáticas canto como inductoras de usos,

e criticou a antieconómica tendencia actual ó texto duplo na administración estatal.

A continuación, tivo lugar un panel de servizos lingüísticos por sectores cunha ampla representación da administración pública, coa participación de Xan Carlos Domínguez Alberte (Comarca de Celanova), Valentín García Gómez (Concello da Estrada) e Alberte González Montañés (Audiencia Provincial de Ourense); mais sen esquecer-lo mundo da empresa, representado por Begoña Rodríguez Caldas (Telefónica). Explicouse a xénes dos servizos comarcais, as áreas nas que traballan (cursos de comarca e lingua, asesoramento e dinamización) e a necesidade de coordinación cos centros de ensino, concellos e outras comarcas. Deuse conta tamén de que, no caso celanovés, están intentando incidir no mundo da Igrexa. Tamén se comentou como o veterano servizo estradense foi penetrando progresivamente no tecido social e explicáronse ademais as súas liñas de actuación. A parte negativa atinxiría á excesiva dependencia do técnico como motor normalizador, á falta de recursos (humanos e económicos), á descoordinación con institucións supramunicipais, á carencia de avaliación e ó peso histórico da corrección e do asesoramento. O panorama volveuse moito máis precario e en retroceso ó abordarse a situación na xustiza, cuns gabinetes provinciais de escasísima actividade e cunha situación absolutamente dependente da iniciativa persoal e agravada pola grande mobilidade destes funcionarios. Canto a Telefónica, comentouse a importancia que lle dá á demanda dos clientes, mínima no caso que nos ocupa. Alén disto, expúxose que o obxectivo deste servizo privado era lograr unhas directrices xerais para o uso do galego na empresa, a cal considera un problema a diversidade lingüística. Así

mesmo, informouse de que o traballo da súa lingüista se centrou na mudanza actitudinal, no respecto á toponimia e na galeguización da publicidade, facturación, documentación interna...

Na sesión de tarde, o debate centrouse en cuestións máis xerais e contou coa participación de Xermán García Cancela (Diario Oficial de Galicia), Xesús Costas Abreu e Benxamín Dosil López (Dirección Xeral de Política Lingüística). O primeiro deu conta da xénes e evolución dos cursos de linguaxe administrativa e xurídica e o segundo formulou a necesidade de establecer as funcións dos servizos lingüísticos e de que achen un acubillo adecuado nos respectivos organigramas. Dosil deu conta moi detalladamente dos recursos humanos dedicados á normalización cos que conta a Administración autonómica. A seguir, explicou un proxecto propio (non asumido pola Xunta) baseado no mantemento do persoal actual, consolidación do inestable e novas incorporacións, sobre todo potenciando os servizos comarcais e a diversificación de funcións dos

que traballan na Dirección Xeral. Tras unha exposición das carencias estruturais, declarou a necesidade primordial dunha planificación correcta e efectiva, así como de crear un corpo profesional de normalización lingüística, do que definiu polo miúdo o xeito de acceso e as vantaxes. Este corpo, sempre no ámbito da Xunta, velaría polo cumprimento da lexislación, coidaría do uso correcto da lingua e da terminoloxía, proporía medidas dinamizadoras, informaría á Dirección Xeral sobre actuacións noutros departamentos e formaría parte da rede técnica de normalización lingüística. Nembargantes ignórase cal será o destino de toda esta proposta á vista da constitución dun novo equipo técnico e político na Dirección Xeral.

Tralos debates, a empresa Cidadanía fixo unha síntese do exposto. Os seus representantes tamén comentaron a ausencia de planificación e dunha dinámica normalizadora, así como a importancia de operar no cumio das unidades administrativas, favorecendo a creación de rutinas e dinámicas favorables ó galego.

## Campañas do SNL de Vigo



nión do xurado, realizase a mellor campaña publicitaria no nosa lingua.

Esta convocatoria xunta con outras actuacións (Xornadas Lingua e Publicidade, agasalho do libro "Vender en Galego", visitas ás empresas publicitarias...) é a marca desta anovadora actuación no eido da normalización en Galicia.

**Sector inmobiliario:** En colaboración cos representantes das axencias inmobiliarias, queremos acadar un compromiso de respecto pola toponimia, tanto por parte das axencias como dos xornais, e tamén dunha maior presenza do galego neste ámbito, de aí que sexa a nosa intención implicar aos notarios e ao Rexistro da Propiedade.

**Mercacevi:** É a campaña máis ambiciosa deste ano. O noso obxectivo é que a nosas prazas estean rotuladas en galego. Coñeceremos os nomes galegos dos peixes, froitas, carnes... Tamén achegaremos consellos e información acerca dos produtos alimentarios...

**Cursos Obradoiro:** No mes de outubro, unha experiencia novidosa respecto aos cursos de lingua... Iniciaremos un novo xeito de achegarnos á nosa lingua a través do medio, da natureza, das construcións realizadas por homes. Son os por nós chamados "cursos obradoiro", deseñados conxuntamente coa Xunta de Galicia. Van desenvolverse na asociación veciñal de Saiáns en horario de tarde. Este primeiro bloque terá coma eixo central a "auga doce": os accidentes xeográficos, os bosques de ribeira, os animais que viven a rentes das augas, as construcións para lles tirar proveito a ríos, regatos..., serán os contidos que se tratarán nestes novos cursos.

Todas estas actuacións requiren medias económicas, materiais e humanas. Contamos cun convenio coa Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e coa Universidade de Vigo, convenio este último polo cal estudantes do derradeiro curso de Filoloxía Galega realizan prácticas no SNL.

## O SNL do concello de Ferrol

O Concello de Ferrol puxo de novo en marcha o seu Servizo de Normalización Lingüística (SNL) o pasado mes de xuño, despois de dotalo de recursos humanos, económicos e materias. O Concello contratou unha técnica de normalización lingüística, conforme ó Regulamento para selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, e asignoulle ó servizo unha partida orzamentaria para actividades que ascende a 10 000 000 de pesetas. Organicamente o servizo segue adscrito á Alcaldía.

Nos seis primeiros meses (xullo-décembro 2000), dous dos obxectivos inmediatos eran a constitución do Consello Municipal da Lingua, órgano consultivo e de asesoramento, e a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Ordenanza de normalización lingüística, coa que se pretende implicar directamente o persoal municipal no proceso de normalización. Agardamos que queden constituídos a comezos do mes de novembro.

Neste curto período, o SNL retomou a planificación da formación lingüística do persoal municipal, a corrección de documentación, presentoulle á Concellería de Organización Interna unha proposta de probas de coñecemento do galego para o acceso ás prazas do Concello, propuxo aprobación das denominacións correctas das rúas e lugares e comezou a primeira parte da elaboración do Plan de normalización lingüística (PNL).

En relación coa recuperación dos nomes de rúas e lugares, no mes de novembro vai comezar unha campaña dirixida, por unha

parte, ó funcionariado e, por outra, coa colaboración da Cámara de Comercio, ás empresas e comercios co fin de que normalicen os seus enderezos e, ó tempo, os dos seus clientes. Loxicamente, esta acción esixe que traballemos con outros departamentos municipais no cambio daquelas placas de rúas que non se corresponden cos topónimos oficiais.

No ano 2001 intentaremos levar a cabo proxectos como a elaboración definitiva do PNL, o establecemento dos perfís lingüísticos en colaboración co Centro de Recursos Informáticos, o deseño de patróns de documentos en soporte informático para cada área administrativa. De cara ó exterior, as actividades de dinamización van estar orientadas ó sector empresarial e comercial da cidade, sen deixar de participarmos con asociacións en diferentes proxectos para o mundo do ensino, e promover outras actividades específicas con motivo do Ano Europeo das Linguas.


Se queredes poñervos en contacto con nós, podedes chamar ó 981 33 67 99 e preguntar por Beatriz Bascoi.

Datos do SNL

Enderezo: Servizo de Normalización Lingüística

Concello de Ferrol  
Praza de Armas, s/n. 15402 Ferrol  
Fax: 981 353 491

Enderezo electrónico:  
alcaldia@ferrol-concello.es



## http://www.u-lo.com

U-lo, un portal galego que comezou a funcionar a mediados de setembro e que permite o acceso a case 6000 enderezos en internet. Este servidor ofrécenos a prensa galega e española, música galega en formato MP3, páxinas de cinema, taboleiros, pasatempos e xogos para os máis pequenos amais dunha interesante sección de novidades, software e recursos de todo tipo. O portal galego pretende ser o referente desta clase de páxinas en Galicia polo que tamén introduce cuestións de actualidade, mensaxeira on line e foros de debate, cun deseño claro e un formato lixeiro. Xa sabes, toda a información en <http://www.u-lo.com>.

## Culturagalega.org

# Nace un portal da cultura galega en Internet

O Consello da Cultura Galega estreou o martes 10 de outubro o portal culturagalega.org (<http://www.culturagalega.org>) que quere ser a porta de entrada ós recursos culturais galegos na rede. O portal consta de moitas e variadas seccións: a actualidade cultural de Galicia a través de noticias de diferentes ámbitos, coa posibilidade de realizar subscricións para recibilas directamente no correo electrónico. O portal está dirixido ó público en xeral aínda que moitos dos contidos están orientados ó público novo e a aquel descoñecedor da cultura galega. Xunto coa actualidade diaria, o pulso da realidade cultural preséntase coa información de servizos nunha completa axenda cultural das cidades galegas. O obxectivo do portal é tamén ser referencia para as comunidades da diáspora e, en especial, para os descendentes de galegos no exterior.

Xunto coa actualidade diaria da cultura de Galicia, o Consello da Cultura Galega presenta unha serie de "soportais", espazos temáticos moi diferenciados entre si desde os que se pode acceder ós servizos. Polo momento, é posible acceder a canles temáticas de literatura, cinema e radio. Deste xeito, Ig3 quere difundir o traballo que varias asociacións están a realizar para pór o patrimonio literario galego na rede ou a literatura universal traducida ó galego. Radio CG contén unha grella de programación diversificada dende a que se recollen espazos de tradición oral, música, recursos sonoros do exterior, retratos dos nosos persoeiros e outros materiais sonoros e está realizada en colaboración co Arquivo Sonoro de Galicia. Cinema quere dar presenza ó noso patrimonio audiovisual, que se pode ver desde a rede, e ó traballo dos novos creadores audiovisuais.

Xunto a estas seccións, culturagalega.org tamén abre espazos de debate e de participación cos usuarios, quen poden opinar sobre os temas que propón a redacción ou propor outros novos.

# Curso básico de introducción ó uso da Internet nos SNL/SL

### OBXECTIVOS

- Introducir no uso da Internet a profesionais que descoñecen o medio.
- Proporcionar unhas noções básicas para poder utilizar Internet como ferramenta de traballo.
- Presentar posibles aplicacións do uso da Internet nun SNL/SL.
- Dar a coñecer as potencialidades de Internet como instrumento para a información, formación e dinamización nun SNL/SL.
- Conseguir que, ó remate do curso, as persoas que asistan ó mesmo poidan aplicar todos estes conceptos no seu labor diario.

### DESTINATARIOS/AS

- Traballadores/as de SNL/SL que descoñecen o medio e as súas posibles aplicacións ó seu labor.
- Profesionais relacionados coa normalización lingüística.

### CARACTERÍSTICAS

#### De carácter xeral

- Curso básico de introducción ó medio. Non se vai entrar en cuestións como linguaxes de programación, elaboración de páxinas web, etc.
- Curso eminentemente práctico no que tódolos exercicios e actividades previstas para ilustra-los conceptos xerais están directamente relacionadas co ámbito de traballo dos profesionais dos SNL/SL.

Número de prazas: un máximo de 20.

#### Número de horas e datas

- 32 horas, distribuídas a razón de 8 horas os venres e 4 os sábados durante tres semanas
- As clases estarán estruturadas en 8 sesións de catro horas de duración cada unha.
- Días 24-25 de novembro, 1-2 e 15-16 de decembro.

#### Prazo de inscrición

- Comeza o 6 de novembro e remata o 10 do mesmo mes.
- As solicitudes admitiranse por orde estricte de chegada. Podedes enviar o boletín de inscrición adxunto ó seguinte enderezo: Servicio de Normalización Lingüística. Concello da Estrada. Praza da Constitución, 1. Código postal 36680. A Estrada. Pontevedra.
- Telefona ó 986 570 165 (Valentín), ou envía un correo electrónico ó enderezo: [estrada@concellos.depontevedra.es](mailto:estrada@concellos.depontevedra.es)

#### Prezo

- 10.000 ptas. socios
- 15.000 ptas. non socios

**LUGAR:** Facultade de Xornalismo, R/ Castela, s/n; Santiago de Compostela (ó lado da Fac. de Filoloxía)

#### PROGRAMA

##### 1. Primeira sesión: introducción á Rede

- Presentación do curso e dos obxectivos da sesión
- Internet e o concepto de rede
- ¿Como nace Internet?
- Algúns conceptos básicos
- A conexión a Internet
- Avaliación da sesión

##### 2. Segunda sesión: servizos básicos de Internet.

- Presentación dos obxectivos da sesión
- Visión global dos servizos básicos da Internet
  - A WWW
  - O correo electrónico e as súas aplicacións
  - As roldas...
- Para comezar a navegar polos sitios web
- Traballar co XIS
- Exercicios prácticos sobre tódolos conceptos barallados na sesión.
- Avaliación da sesión

##### 3. Terceira sesión: coñece-lo navegador

- Presentación dos obxectivos da sesión
- Visión global da barra de menú principal
- Exercicios prácticos sobre tódolos conceptos barallados na sesión.
- Avaliación da sesión

##### 4. Cuarta e quinta sesión: o correo electrónico e as aplicacións baseadas no correo

- Presentación dos obxectivos da sesión
- O correo electrónico
- As aplicacións baseadas no correo electrónico
- Exercicios prácticos sobre tódolos conceptos barallados na sesión.
- Avaliación da sesión

##### 5. Sexta sesión: buscadores, portais e índices de recursos

- Presentación dos obxectivos da sesión
- Buscadores
- Portais e índices de recursos
  - Definición
  - Xeneralistas e especializados
- Exercicios prácticos sobre tódolos conceptos barallados na sesión.
- Avaliación da sesión

##### 6. Sétima sesión: Internet como ferramenta de información, formación e dinamización nun SNL/SL

- Presentación dos obxectivos da sesión
- Ferramenta de información
- Ferramenta de formación
- Ferramenta de dinamización
- Exercicios prácticos sobre tódolos conceptos barallados na sesión.
- Avaliación da sesión

##### 7. Oitava sesión: Criterios de deseño e comunicación para a WWW

- Presentación dos obxectivos da sesión
- Os manuais de estilo
- Criterios de deseño/comunicación no web da entidade
- Criterios de deseño/comunicación no web do SNL
- Integración do SNL/SL no web da entidade

## Curso básico de introducción ó uso da Internet nos SNL/SL

### Folla de inscrición

NOME ..... APELIDOS  
 DNI ..... ENDEREZO .....  
 C.P. .... POBOACIÓN .....  
 TELÉFONO ..... E-MAIL .....

¿Traballas ou traballaches nalgún servizo lingüístico?  SI  NON ¿En cal? .....

¿Asistiches a algún curso organizado pola CTNL?  SI  NON ¿A cales? .....

#### MODALIDADE DE MATRÍCULA

SOCIO/A (10.000 pesetas)

NON SOCIO/A (15.000 pesetas)

Ingresar en Caixa Galicia 2091-0377-74-3040004060